

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 21 DE XULLO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Ribadeo (Lugo).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Ribadeo (Lugo).
- Decreto polo que se aproba o escudo da Entidade Local Menor de Morgadáns, no concello de Gondomar (Pontevedra).
- Decreto polo que se aproba a bandeira da Entidade Local Menor de Morgadáns, no concello de Gondomar (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se regulan as entidades de certificación de conformidade municipal na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu rexistro.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o edificio do Museo Galego de Arte Contemporánea Sargadelos-Carlos Maside, no termo municipal de Sada (A Coruña), e a súa colección de arte.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de construción da ponte elevada sobre a N-525, punto quilométrico 295+000, intersección co Camiño do Sueste-Vía da Prata-Camiño Mozárabe, punto quilométrico 50+724, Bendoiro-Lalín (Pontevedra).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para execución da actuación "Saneamento e depuración da zona rural de Ferrol. Fase 1A. Ferrol (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Feder Galicia 2021-2027, por importe de cinco millóns setecentos dezaseis mil seiscientos setenta e un euros con vinte e oito céntimos (5.716.671,28€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación da Fundación Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), mediante o procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación urgente, para a subministración dunha infraestrutura baseada en tecnoloxías cuánticas da información no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. – Financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU, polo importe de nove millóns setenta e cinco mil euros, IVE incluído (9.075.000,00 €) e un valor estimado de sete millóns cincocentos mil euros (7.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación da Fundación Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), mediante o procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación urgente, para a subministración dun Supercomputador (Finisterrae IV) e un Sistema de Almacenamento de Datos no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. – Financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU, polo importe de vinte cinco millóns cento trinta e catro mil oitocentos noventa e catro euros con corenta céntimos, IVE incluído (25.134.894,40 €) e un valor estimado de vinte millóns setecentos setenta e dous mil seiscientos corenta euros (20.772.640,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades locais para programas de inclusión social para os anos 2025 a 2027 cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria. Importe total: oito millóns corenta e tres mil trescentos setenta euros (8.043.370,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dunha nova planta de elaboración de produtos do mar para alimentación humana, no concello de Arteixo (A Coruña), promovido por PESCANOVA ESPAÑA S.L.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Asociación para la digitalización de la industria de Galicia (DIHGIGAL) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), para a creación dun espazo de datos industrial de Galicia e desenvolvemento de casos de uso no ámbito do Programa RETECH: redes territoriais de especialización tecnolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration-EU, por un importe total de dous millóns cincocentos cincuenta e cinco mil euros (2.555.000,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada "Conversión en autovía do corredor CG-1.5 Brión-Noia. Treito I: subtreito Brión - Urdilde pp.qq. 11+640 - 16+600", cun orzamento base de licitación de once millóns douscentos oitenta e cinco mil oitocentos oitenta e cinco euros con cincuenta e un céntimos (11.285.885,51€) e un valor estimado de nove millóns trescentos vinte e sete mil cento setenta e oito euros con once céntimos (9.327.178,11€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Autoridade Portuaria da Coruña e a Axencia Galega de Infraestruturas para a execución dun edificio de servizos da estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote no porto da Coruña, por importe total de trescentos setenta e oito mil dezaseis euros con corenta céntimos (378.016,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Rubiá, para a execución das obras de Rexeneración do espazo público no contorno das vivendas municipais, por un importe de douscentos oitenta mil cincocentos nove euros con cincuenta e tres céntimos (280.509,53 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Manzaneda, para a execución das obras de Mantemento da capa de rodaxe e execución de senda peonil a San Martiño desde o núcleo de Manzaneda, por un importe de cento oitenta mil novecentos sesenta euros con setenta e tres céntimos (180.960,73 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Muíños para a execución das obras de Humanización de espazos públicos, por un importe de seiscentos trinta e dous mil setecentos setenta e seis euros con noventa e sete céntimos (632.776,97 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de San Cristovo de Cea para o financiamento do proxecto de Humanización de rúas en Cea, por un importe de seiscentos noventa e sete mil trescentos cincuenta e oito euros con sesenta un céntimos (697.358,61 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a asociación Plan comunitario de Teis, para a execución e o desenvolvemento dun plan comunitario de saúde, por importe de cento oitenta mil euros (180.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Cultural Luarada para o desenvolvemento da trixésima edición do Festival Internacional de Cine de Ourense-OUFF 2025, por un importe total de sesenta mil euros (60.000,00).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais á exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e a conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas "Territorio Cultura" e se convocan para o ano 2025, por importe de trescentos mil euros (300.000,00€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se regula a actividade de traslado de determinadas especies na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), a través do Instituto Español de Oceanografía (IEO) e o Instituto de Investigacións Mariñas (IIM), para a realización do proxecto "Estudo dos factores biolóxicos que afectan a acumulación de chumbo en volandeira, e da dispersión e orixe do chumbo nos bancos marisqueiros ao longo da Ría de Vigo (VOLARIA)".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a proposta da Comisión Europea no novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre as iniciativas para a simplificación das tarefas burocráticas nos centros docentes.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o inicio do pagamento do Bono Social Térmico e da Axuda complementaria do Bono Social de Electricidade no ano 2025.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre as repercusións do Acordo Bilateral do financiamento singular de Cataluña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a implantación de solucións de Intelixencia Artificial Xenerativa no Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre o desenvolvemento da intelixencia artificial para o control preventivo dos pacientes diabéticos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA NOVOS SÍMBOLOS HERÁLDICOS PARA O CONCELLO DE RIBADEO E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE MORGADÁNS

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos decretos polos que se aproban os novos escudos e bandeiras
- O Goberno autonómico leva aprobados un total de 289 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia atendendo ás peticións dos concellos para adoptar os seus símbolos segundo o decreto que os regula

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que aproban novos símbolos para o Concello de Ribadeo e a Entidade Local Menor de Morgadán, no municipio pontevedrés de Gondomar, tanto escudo como bandeira, e que xa recibiran o informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do pasado 30 de xuño.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, no caso do Ribadeo a bandeira leva o pano de azul coa chave de amarelo acompañada, no alto, dunha estrela de oito puntas branca. Ao batente, dúas franxas ondadas e verticais, de branco.




No caso do escudo é de azur (azul) e sobre ondas de prata (branco) e azur, unha chave de ouro (amarelo), posta en banda e acompañada, no xefe dunha estrela de oito puntas de prata (branco). Ao timbre, coroa real pechada.



Por outra parte, en canto á bandeira da entidade local menor de Morgadán, no Concello de Gondomar, aprobouse que sexa terzada, de verde ao centro cunha pinza de canteira de amarelo. Á hasta e ao batente de amarelo con cadansúa cabeza de cabalo ao natural e sobre ondas azuis.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



En canto ao escudo, é de sinople (verde), unha pinza de canteira de ouro (amarelo); mantelado de ouro, con cadansúa cabeza de cabalo ao natural sobre ondas azuis. Ao timbre, a coroa real pechada.



O Goberno galego leva aprobados un total de 289 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de adoptar, modificar ou rehabilitar os seus símbolos, en aplicación do Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, que os regula.

Os municipios e as demais entidades locais de Galicia poden adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modificar os xa existentes ou rehabilitar os que historicamente se empregasen, baseándose sempre en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio e conforme as normativas de heráldica.

Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar escudo heráldico ou bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo daqueles que foron aprobados pola Administración do Estado con anterioridade á transferencia de competencias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA RENOVA UN DOS SEUS MEMBROS

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do representante da Confederación Intersindical Galega no Consello Escolar de Galicia CIG-Ensino. En concreto, aprobouse un decreto para proceder á substitución de Xesús Antón Bermello García como representante titular desta organización sindical, sendo nomeada no seu lugar Laura Arroxo Reguera.

O Consello Escolar de Galicia, constituído en 1986, é o órgano colexiado de participación dos distintos sectores sociais no ámbito educativo. Funciona como espazo de reflexión, diálogo e proposta sobre a política educativa da Comunidade, co obxectivo de contribuír á mellora da calidade do ensino. A través deste foro, estímúlase a participación activa da sociedade no desenvolvemento e modernización do sistema educativo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOVO DECRETO QUE REGULA AS ENTIDADES DE CERTIFICACIÓN DE CONFORMIDADE MUNICIPAL NO ÁMBITO DA VIVENDA, QUE PERMITIRÁ AXILIZAR TRÁMITES PARA CONSTRUIR INMOBLES

- O Goberno galego culmina con esta aprobación a tramitación deste novo decreto, que entrará en vigor aos 20 días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*
- A nova normativa modificará o actual réxime de actuación das ECCOM no eido da vivenda, de xeito que o seu certificado terá a mesma validez e efectos que os informes xurídicos técnicos e municipais, que se entenderán substituídos pola dita certificación
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asumirá as funcións relativas á autorización e rexistro de todas as ECCOM, no marco das súas competencias en materia de urbanismo
- A normativa dá resposta a unha demanda de promotores, profesionais e cidadanía
- O decreto consta de 51 artigos estruturados en cinco capítulos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras

O Consello da Xunta vén de aprobar definitivamente o novo decreto polo que se regulan as Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM) no ámbito da vivenda e o seu rexistro, o que permitirá simplificar trámites e axilizar a construción de inmobles. Tras esta aprobación definitiva, o decreto entrará en vigor aos 20 días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que se prevé para os vindeiros días.

A Xunta culmina con esta aprobación a tramitación deste novo decreto, cuxo obxectivo é axilizar, simplificar e reducir prazos en materia de vivenda, no marco do compromiso do Executivo galego neste eido prioritario na lexislatura, sempre garantindo a seguridade xurídica e coa finalidade de incrementar a oferta de inmobles en Galicia.

A normativa desenvolve un novo marco legal aplicable ás ECCOM mediante unha regulación única, integral e pormenorizada do réxime xurídico destas entidades e do seu rexistro, facilitando así a súa accesibilidade por toda a cidadanía e as administracións públicas. Así, o novo decreto constitúe unha oportunidade de mellorar, definir e avanzar nun desenvolvemento normativo completo das ECCOM.

O decreto establece que nas solicitudes de licenza urbanística acompañadas dun certificado ECCOM, esta certificación terá a mesma validez e efectos que os informes técnicos e xurídicos municipais, que se entenderán substituídos polos ditos certificados. A nova regulación será de aplicación xeral.

Entre as repercusións sobre os cidadáns que a presente norma procura están as de outorgar seguridade xurídica tanto aos particulares como aos concellos nos supostos en que se actúe a través dunha ECCOM.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, o obxectivo é tamén facilitar o coñecemento pola cidadanía das ECCOM autorizadas para exercer a súa actividade na comunidade autónoma mediante a creación do novo rexistro, que será xestionado pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, competente en materia de urbanismo.

Tramitación

O proxecto de decreto someteuse a consulta pública previa entre o 14 de xaneiro e o 3 de febreiro deste mesmo ano, e publicouse no Portal de transparencia e goberno aberto da administración autonómica. Tamén se someteu a trámite de audiencia entre o 20 de marzo e o 10 de abril, remitíndose á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e a todos os colexios profesionais, colectivos e organismos interesados. Todas as alegacións recibidas foron respondidas e, se é o caso, incorporadas ao texto. E o último trámite foi a remisión ao Consello Consultivo de Galicia, que concluíu que o proxecto resulta consonte o ordenamento xurídico.

Estrutura

O decreto consta de 51 artigos estruturados en cinco capítulos, que abordan o obxecto e o ámbito de aplicación; as entidades de certificación de conformidade municipal; o seu rexistro; o réxime de funcionamento e as obrigas e control destas entidades. Completan esta regulación dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O novo decreto define os requisitos que deben cumprir as ECCOM para exercer a súa actividade na comunidade autónoma, así como as súas funcións, a documentación que deben emitir como resultado das súas actuacións e o réxime de responsabilidade destas.

Regúlase tamén o rexistro destas entidades, determinándose os actos inscristibles, o procedemento de inscrición e os efectos e vixencia desta. Igualmente, establécense no decreto as obrigas das ECCOM e regúlase o seu réxime de control, establecendo as prohibicións e incompatibilidades ás que están sometidas, así como o seu réxime sancionador.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O MUSEO CARLOS MASIDE DE SADA E A SÚA COLECCIÓN DE ARTE

- O Consello dá o visto e praxe á proposta de decreto para recoñecer este edificio e unha colección de 1447 obras coa máxima protección polo seu valor sobranceiro
- A resolución, que se fará oficial nos vindeiros días coa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, baséase na súa importancia a nivel histórico, arquitectónico e artístico
- A declaración chega despois do procedemento aberto pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ao considerar a especial significación do complexo e das súas pezas para a comprensión da arte contemporánea galega

A Xunta de Galicia declara Ben de Interese Cultural o edificio do Museo de Arte Contemporánea Sargadelos-Carlos Maside, localizado en Sada, e a súa colección de arte composta por 1447 obras polo seu interese arquitectónico e artístico para a historia da Comunidade. Así se acordou no Consello, onde se lle deu o visto e praxe ao decreto co que se recoñece o valor tanto do inmovible como do seu contido, merecedor de contar coa máxima protección da Comunidade.

A declaración, que se fará oficial nos vindeiros días coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, chega despois dun proceso iniciado en 2023 cando a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude decidiu incoar o expediente ao considerar que a institución museística se configura como un ben cun valor cultural sobranceiro en termos históricos, artísticos e documentais, composto tanto polo continente como polo contido.

Así, este conxunto patrimonial, xestionado pola Fundación Sargadelos, contará a partir de agora cun recoñecemento que o distingue como relevante e de especial significación para a comprensión da arte contemporánea galega, un feito que propiciará o establecemento de sistemas para velar pola súa conservación e unha mellor divulgación deste legado para o seu estudo, investigación e goce por parte da sociedade.

Deste xeito, o edificio está considerado un fito na arquitectura contemporánea española que amosa na súa linguaxe construtiva a integración das influencias artísticas internacionais recollidas por Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo e Andrés Fernández-Albalat, e reúne os avances e as innovacións dos daquela novos espazos museísticos e culturais que se estaban definindo. Ademais, o espazo logra desenvolver unha simbiose coas súas partes integrantes e as pezas que acolle, concibido para albergar un conxunto artístico cun grande alcance simbólico e representativo da evolución da arte galega do século XX.

Ao seu valor arquitectónico úneselle o seu papel na promoción e difusión da obra dun grupo de artistas marcados polo exilio e polas xeracións posteriores que tomaron o relevo no seu traballo para reforzar e actualizar unha identidade cultural galega propia fundamentada nas máis avanzadas tendencias artísticas e de pensamento europeas. Así, a colección artística reúne pezas de históricos como Luís Seoane, Castelao, Reimundo Patiño, Díaz Pardo ou Alfonso Sucasas ou Urbano Lugrís.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Antecedentes

Con esta aprobación xa son 790 os Bens de Interese Cultural existentes en Galicia, unha cifra que reflicte o importante compromiso do Goberno por protexer, conservar e pór en valor o patrimonio sobranceiro da Comunidade.

A declaración o Museo Carlos Maside únese á Fábrica de Sargadelos, no concello lucense de Cervo, que figura como Ben de Interese Cultural na categoría de monumentos desde o 2015, despois de que o Parlamento de Galicia solicitara á Xunta en 2010 o inicio dos expedientes para declarar Ben de Interese Cultural os recintos dos complexos do Castro de Samoedo e de Sargadelos, ligados ao Laboratorio de Formas, incluíndo as súas coleccións e bibliotecas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CAMIÑO MOZÁRABE AO SEU PASO POR LALÍN

- Construírse unha ponte elevada sobre a N-525 ao paso por Bendoiro, nunha actuación de mellora da seguridade no Camiño Mozárabe
- O Goberno galego aposta por mellorar a seguridade viaria do peregrino destinando 43M€ distribuídos nun plan específico e outras actuacións con fondos europeos

O Consello da Xunta vén de aprobar obras de mellora na Vía da Prata, tamén coñecida como Camiño do Sueste ou Mozárabe. En concreto, as actuacións desenvolveranse na intersección deste itinerario coa N-525 no punto quilométrico 295+000 e suporán unha mellora da seguridade viaria dos peregrinos que percorren esta ruta xacobeá. No que vai de ano, máis de 5.000 peregrinos percorreron xa o Camiño Mozárabe, que medra a un ritmo do 4 %.

O proxecto aprobado hoxe prevé a construción dunha ponte elevada sobre esta estrada nacional, por onde transita parte do itinerario, ao seu paso por Bendoiro. O obxectivo é garantir a seguridade das persoas que realizan esta ruta, ao eliminar o cruzamento a nivel entre o Camiño de Santiago e a N-525 nun treito cunha configuración viaria de alta complexidade.

As características da estrada neste punto, con catro carrís de circulación, incluíndo un carril por sentido, un carril central de espera e cuñas de deceleración para o acceso ao vial local, fai que a opción máis segura sexa a través da ponte. Coa construción desta nova infraestrutura, deberase variar lixeiramente o itinerario do Mozárabe.

Actuacións para mellorar a seguridade do peregrino

Desde a Xunta de Galicia estase a apostar pola mellora da seguridade viaria do Camiño de Santiago, cun investimento global de 43M€ no horizonte 2027 que inclúen un plan específico de mellora viaria e outras actuacións financiadas con fondos europeos Feder. Por un lado, Turismo de Galicia conta cun plan específico de mellora da seguridade viaria no Camiño de Santiago no que inviste 40M€ ao que se suman outras actuacións con fondos europeos por un importe de 3M€.

Con este proxecto búscase incrementar a protección a camiñantes, así como a accesibilidade. Para isto, crearanse sendas peonís e eliminaranse cruzamentos en estradas, entre outras actuacións. A iniciativa enmárcase no propósito do Goberno galego de promover a experiencia da peregrinación, un dos obxectivos do Plan director dos Camiños de Santiago 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO INVESTIRÁN MÁIS DE 5,7 M€ NA PRIMEIRA PARTE DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGA NO RURAL DE FERROL

- O Consello autorizou hoxe a licitación das actuacións para as que o Executivo galego aportará o 70% do investimento e o Goberno local o 30% restante
- Os traballos buscan mellorar a rede de tratamento de augas residuais en distintos núcleos das parroquias de Brión, Covas, Doniños, Esmelle, A Cabana e A Graña, que suman unha poboación beneficiada de arredor de 1.350 persoas
- Estas actuacións no rural, que contarán cunha segunda fase para chegar a un total de 4.400 habitantes, abórdanse cando practicamente o 100 % da poboación urbana ferrolá está conectada aos sistemas de saneamento e depuración da cidade
- As intervencións, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, permitirán ampliar a rede de colectores en preto de 13,5 quilómetros, instalar os pozos de rexistro asociados e executar sete bombeos e impulsións que suman máis de 4 quilómetros de tubaxes
- Estes investimentos engádense aos máis de 30 millóns de euros que leva destinados Augas de Galicia a distintas obras para a mellora das infraestruturas de saneamento e depuración en Ferrol postas en marcha desde 2009

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras da primeira parte da fase 1 de mellora do saneamento e depuración de auga na zona rural de Ferrol. Esta actuación suporá un investimento de máis de 5,7 millóns de euros, dos que o Goberno autonómico aportará o 70% e o local o 30% restante.

As actuacións previstas no proxecto deseñado ao abeiro do convenio -que contan con financiamento europeo a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027- buscan mellorar a rede para o tratamento de augas residuais en distintos núcleos das parroquias rurais de Brión, Covas, Doniños, Esmelle, A Cabana e A Graña, unha vez que practicamente o 100 % da poboación urbana de Ferrol está conectada aos sistemas de saneamento e depuración existentes na cidade. O resto das zonas rurais do concello quedarán para a segunda parte da fase 1 e para a fase 2 de actuacións, das que aínda están pendentes de definir os traballos concretos que se van realizar.

Este contrato enmárcase no protocolo de colaboración asinado pola Xunta e o Goberno local de Ferrol o ano pasado coa finalidade de que, no menor tempo posible, o conxunto da poboación rural estea conectado á rede municipal, o que permitirá ofrecer servizos eficaces e sustentables que contribuirán a mellorar a situación medioambiental da contorna. As actuacións proxectadas entre as dúas fases beneficiarán máis de 4.400 habitantes co ano 2049 como horizonte, dos que arredor de 1.350 corresponden a esta primeira parte da fase 1.

Os traballos que se van desenvolver ao abeiro do contrato inclúen completar a rede de colectores existente entre o lugar de Valón, na parroquia de Doniños, e a parroquia da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cabana coa instalación de preto de 13,5 quilómetros de tubaxes de distintos diámetros, así como dos pozos de rexistro correspondentes.

A maiores están proxectados sete bombeos e impulsións -con máis de catro quilómetros de tubaxes de distintos diámetros- co fin de superar os desniveis topográficos existentes na área na que se van realizar as actuacións. O proxecto desta primeira parte da fase 1 tamén inclúe a reposición de todos os firmes e pavimentos que se vexan afectados durante a execución das obras.

Deste xeito, a Xunta avanza na optimización dos sistemas de saneamento e depuración de auga no concello de Ferrol, onde Augas de Galicia leva investidos máis de 30 millóns de euros en distintas infraestruturas postas en marcha desde 2009, aos que se suman agora os máis de 4 millóns de euros destinados a esta primeira fase de mellora dos sistemas de saneamento no rural, accións que contribuirán a mellorar a situación medioambiental na contorna e a calidade das augas da ría ferrolá.

Colaboración cos concellos

Esta actuación enmárcase na colaboración tanto técnica como económica que mantén desde hai anos Augas de Galicia cos concellos -que son os competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración- para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

De feito, ese compromiso cos Gobernos locais reflíctese tamén nos orzamentos deste ano, cun esforzo adicional para mellorar a xestión do ciclo integral da auga e un orzamento global de Augas de Galicia de 144 millóns de euros. Este investimento permite seguir optimizando o saneamento e o abastecemento municipais mediante a mellora das infraestruturas, da formación e da divulgación e a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático no eido dos recursos hidráulicos.

O obxectivo principal é facer un uso eficiente da auga e reducir a pegada hídrica na comunidade mediante investimentos nas redes de saneamento, depuración e traída, así como no apoio aos concellos a través de distintas liñas de axudas, o deseño de mapas de riscos climáticos ou a creación de corredores verdes e de zonas de inundación controlada para facer fronte aos asolagamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ O CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA CON NOVOS EQUIPAMENTOS POR MÁIS DE 34 M€ PARA IMPULSAR O SEU LIDERADO INTERNACIONAL

- O Consello autoriza a licitación para a compra do novo supercomputador Finisterrae IV, un sistema de almacenamento e un computador cuántico
- Estas infraestruturas localizaranse no novo edificio do Cesga no polígono da Sionlla, que conta cun orzamento de máis de 13M€
- Estas accións enmárcanse no investimento de 56M€ para construír o novo edificio do Cesga e mellorar as súas capacidades para convertelo nun referente en computación

O Goberno galego deu hoxe un paso máis para facer realidade no ano 2026 a posta en funcionamento dun novo edificio do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) que impulse o seu liderado internacional. O Consello da Xunta autorizou dúas licitacións para a adquisición de novos equipamentos cun investimento de máis de 34M€: a compra do novo supercomputador Finisterrae IV e un novo sistema de almacenamento por importe de máis de 25M€, así como a compra dun computador cuántico por importe de máis de 9M€.

Este orzamento enmárcase no investimento de 56M€, o maior realizado no Cesga ao longo da súa historia, para construír un novo edificio do centro e mellorar as súas capacidades coa adquisición de novos equipamentos para, así, convertelo nun referente a nivel nacional e internacional no eido da computación. Estas actuacións están a realizarse con fondos europeos e con fondos da Xunta tras lograr captar 47,4M€ procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, no marco do PERTE Chip. Galicia, de feito, é a comunidade que conseguiu unha maior achega entre todos os membros da Rede española de supercomputación (RES), captando o 75 % dos fondos repartidos en España.

As novas infraestruturas

Concretamente, coa posta en marcha destas licitacións o Goberno autonómico instalará no novo edificio do Cesga un novo supercomputador, o Finisterrae IV, que proporcionará unha potencia computacional adicional que cubrirá as necesidades de intelixencia artificial, entre outras. Tamén se ampliará a capacidade de almacenamento do centro mediante un novo sistema que posibilitará albergar gran cantidade de datos de modo permanente e prestar servizos de datos máis avanzados.

Ademais, a licitación para a compra dun novo computador cuántico supón outorgar ao Cesga novas capacidades que impulsen o desenvolvemento do ecosistema de computación cuántica e favoreza o seu liderado, completando a oferta actual do centro. Estas infraestruturas contribuirán a manter e reforzar a competitividade dos centros de investigación, dos centros tecnolóxicos e das empresas tanto a nivel de Galicia como a nivel nacional dotándoos dunha infraestrutura científica punteira que permita desenvolver unha investigación efectiva no campo da computación cuántica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ampliación das capacidades do Cesga

O obxectivo destas accións é reforzar o Cesga, centro mixto da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), como un centro de referencia no ámbito nacional e europeo, que estea á vangarda en infraestruturas de computación, así como no coñecemento sobre tales infraestruturas.

Deste xeito, as novas infraestruturas que vén de autorizar o Consello da Xunta hoxe estarán localizadas no novo edificio que se construírá no polígono da Sionlla e que será complementario ao centro de procesamento de datos actual do Cesga situado no campus universitario de Santiago, cuxa construción xa está adxudicada e xa se está avanzando nos trámites administrativos para comezar. Este novo edificio levantarase cun orzamento de 13M€ nunha superficie de máis de 9.100 metros cadrados. Terá unha superficie construída superior a 2.400 metros cadrados, máis unha área exterior anexa superior a 1.200 metros cadrados para equipamentos de servizo, e coidarase tanto a súa funcionalidade como a súa estética.

Este proxecto, que está despregando o Goberno galego, suporá un importante incremento da capacidade de cálculo e almacenamento científico do Cesga, o que lle permitirá á comunidade científica galega e ao CSIC avanzar máis rápido na xeración de coñecemento e na innovación en áreas como a física de altas enerxías, a meteoroloxía, as ciencias da vida, a climatoloxía, o deseño de fármacos, a intelixencia artificial e moitas outras materias. Achegará, ademais, vantaxes competitivas aos grupos de investigación que son usuarios do nodo Cesga como membros da Infraestrutura científica e técnica singular (ICTS) integrada na rede española de supercomputación (RES), ante a crecente demanda destes.

Así mesmo, o novo edificio e o seu equipamento permitiránlle ao Cesga seguir mellorando os servizos que presta e que redundan nunha mellora da calidade de vida dos galegos, ademais de contribuír ao fortalecemento e á ampliación das colaboracións que o centro mantén con empresas tractoras de diversos sectores e que resultan en melloras competitivas destas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 8 M€ A AXUDAR AOS CONCELLOS NO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIAL

- A orde de achegas para o período 2025-27 incrementa o seu orzamento nun 5,6 % para financiar medidas de inserción laboral, programas de educación e apoio familiar e de atención a persoas sen fogar, entre outros
- No último exercicio, preto de 60 concellos beneficiáronse desta liña de axudas, o que lles permitiu financiar máis de 200 proxectos

O Consello da Xunta vén de aprobar hoxe a orde de axudas destinadas aos concellos para que poidan desenvolver programas de inclusión sociolaboral orientados á poboación xitana, inmigrante e a outras persoas que se atopen en risco de exclusión. Deste xeito, o Goberno galego pon á disposición das administracións locais máis de 8 millóns de euros para o período 2025-2027, o que supón un incremento dun 5,6 % respecto á anterior convocatoria (2023-2025), que tivo un orzamento de 7,6 millóns. A convocatoria está cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus 2021-2027.

A través destas partidas, os concellos e as mancomunidades poderán financiar actividades cos seguintes obxectivos: a adquisición de formación básica ou laboral adaptada ás necesidades dos destinatarios; a realización de actuacións de mediación intercultural ou de carácter residencial, así como para a materialización de programas de educación e apoio familiar. Tamén se mantén o programa específico de prestacións para a atención das persoas sen fogar.

Na convocatoria, os programas distribúense en 5 liñas de actuación, dirixidas a persoas en situación de exclusión social, poboación xitana, poboación inmigrante, persoas sen fogar e programas de educación e apoio familiar. O prazo para formalizar os programas subvencionados mantense nos dous anos, co obxectivo de que os proxectos ofertados teñan unha maior seguridade e estabilidade financeira. No último exercicio, preto de 60 concellos beneficiáronse desta liña de axudas, o que lles permitiu financiar máis de 200 proxectos. O importe máximo de axuda para cada liña é de 175.000€.

Esta liña de axudas enmárcase na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030, que fai fincapé na importancia das medidas orientadas á inclusión social das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A NOVA PLANTA DE ELABORACIÓN DE PRODUTOS DO MAR IMPULSADA POR NUEVA PESCANOVA EN ARTEIXO COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DE GALICIA

- Cun investimento de 16 millóns de euros, a iniciativa suporá a creación de entre 50 e 75 novos postos de traballo directos e terá unha capacidade de produción de ata 23.900 toneladas anuais de produto procesado e envasado para a alimentación humana
- A futura planta situarase en 9 parcelas do polígono empresarial de Morás, promovido por Xestur, que ocupan unha superficie total de 25.627 metros cadrados nos que ademais da nave se localizará unha estación depuradora de augas residuais
- Este acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía do Plan autonómico de aceleración de proxectos industriais, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, á vez que se preservan todas as garantías xurídicas, técnicas e medioambientais durante a tramitación
- Trátase da décimo quinta declaración dun Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) en Galicia cunha mobilización global de 2.417 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a declaración do décimo quinto Proxecto industrial Estratéxico (PIE) de Galicia. Trátase da iniciativa promovida por Grupo Nueva Pescanova para a construción dunha planta de elaboración de produtos do mar en Arteixo. O proxecto conta cun investimento de 16 millóns de euros e impulsará a creación de entre 50 e 75 empregos directos.

A iniciativa promovida por Nueva Pescanova ocupará 9 parcelas da fase C do polígono empresarial de Morás e contará cunha superficie total de 25.627 metros cadrados nos que, ademais da nova nave, que ocupará uns 20.000 metros cadrados, se localizará unha estación depuradora de augas residuais.

A planta estará equipada con todos os elementos necesarios para levar a cabo a produción integral de produtos do mar, desde a clasificación e cocción, pasando pola conxelación, envasado e almacenamento dos produtos terminados. Ademais implementará medidas sustentables a través do uso de enerxía fotovoltaica. A capacidade de produción futura será de ata 23.900 toneladas anuais, en liña co obxectivo de crecemento proxectado polo grupo.

Grupo Nueva Pescanova é unha multinacional líder do sector da pesca, cultivo, elaboración e comercialización de produtos do mar con sede en Redondela (Pontevedra), que na actualidade dá emprego a preto de 10.000 persoas a nivel global.

A declaración desta planta como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía do Goberno galego de axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos que,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

neste caso, permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, da creación de emprego e riqueza no territorio.

15 proxectos industriais e máis de 4.400 empregos

Ata o momento son 15 os proxectos recoñecidos como PIE en Galicia, que suman unha mobilización global de 2.417 millóns de euros e máis de 4.400 empregos. Trátase de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; a de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; a planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico; así como a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; a planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; a planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; a planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo; a de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro promovida por Cobre San Rafael; a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; o proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis, impulsado por Galicia Green Data Center; a planta de produción de carbón vexetal de Xeal en Dumbría; a terminal de almacenamento de betume asfáltico no porto de Vilagarcía de Arousa, de Betunes Gallegos SLU; a planta de biometano impulsada por Norbiogás Biometanol no polígono industrial de Curtis e a nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal, na Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA O PRIMEIRO ESPAZO DE DATOS INDUSTRIAL DE GALICIA QUE PERMITIRÁ ÁS EMPRESAS COMPARTIR INFORMACIÓN PARA MELLORAR A SÚA COMPETIVIDADE

- Facilitará o intercambio seguro de datos que poidan ser consumidos polas empresas favorecendo novos produtos, servizos e procesos máis sustentables e internacionais
- O proxecto, que conta cun investimento de máis de 2,5 millóns de euros, desenvolverase en colaboración coa Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia -Dihgigal- e o Instituto Tecnolóxico de Galicia -ITG- no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola UE
- A plataforma virtual centrarase, nunha primeira fase, en sectores estratéxicos como a automoción, o naval, a loxística e o aeroespacial

Galicia contará en 2026 co seu primeiro espazo de datos industrial, unha infraestrutura virtual que permitirá ás empresas compartir e consumir información de forma segura para gañar en innovación, eficiencia e competitividade nos mercados internacionais. O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre o Igape, a Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (Dihgigal) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) destinado a súa creación.

Os espazos de datos son áreas dixitais altamente avanzadas deseñadas para facilitar a empresas, institucións ou entidades o acceso a grandes volumes de datos e ao intercambio de información baixo estritos principios de seguridade, privacidade e control.

O novedoso ecosistema dixital está dotado cun investimento de 2,55 millóns de euros no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e nace coa vocación de fortalecer as cadeas de valor industriais galegas, fomentar a innovación colaborativa e avanzar cara á soberanía dixital.

Desta maneira, a súa posta en marcha permitirá ás empresas acceder a datos compartidos que lles axuden a deseñar produtos e servizos máis sustentables, anticipar demandas, optimizar procesos ou reducir custos enerxéticos e ambientais.

O espazo de datos industrial deberá estar finalizado no ano 2026 e executarase en dúas fases: a fase de desenvolvemento e a fase de validación. Na primeira, a iniciativa centrará os seus esforzos na posta en marcha de solucións tecnolóxicas para sectores clave da economía galega como a automoción, o naval, o sector loxístico e o aeroespacial.

Nesta etapa, o principal obxectivo consistirá en crear unha arquitectura interoperable e segura que integre empresas, centros tecnolóxicos e entidades de investigación, aliñada cos estándares europeos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na segunda fase (validación) desenvolveranse casos de uso prácticos nos sectores seleccionados, como sistemas predictivos de demanda para o naval, aforro enerxético na automoción, planificación con drones para mellorar a última milla na loxística costeira, ou rutas intelixentes no transporte marítimo e terrestre.

Deste xeito, búscase involucrar a maior representatividade dos sectores industriais, implicando grandes empresas, pemes e asociacións industriais e empresariais, na procura de aumentar a competitividade internacional, facilitar a toma de decisións estratéxicas, aumentar a eficiencia no ámbito enerxético e desenvolver a capacidade loxística.

Un modelo sustentable e colaborativo

O proxecto non só recolle a construción tecnolóxica do espazo de datos, senón tamén o seu mantemento durante os tres anos seguintes á súa posta en marcha por parte de ITG e Dihgigal, baixo a supervisión da Xunta.

Ademais, desenvolverase un modelo de negocio que asegure a súa sustentabilidade a medio e longo prazo, coa intención de que sexa autosuficiente e se convirta nun referente no ámbito da economía do dato. A través desta aposta estratéxica, a Xunta dá un paso máis no seu compromiso coa transformación dixital, a innovación sustentable e a mellora da calidade de vida da cidadanía galega.

O novo espazo de datos industrial será unha peza clave para construír unha economía máis moderna e conectada, xerando novas oportunidades de emprego cualificado e posicionando a Galicia na vangarda da dixitalización industrial a nivel europeo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DA LUZ VERDE Á LICITACIÓN POR 11,2M€ DA CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DE 4,9 KM DA VÍA DE ALTAS PRESTACIÓNS BRIÓN-NOIA

- O Goberno galego autoriza a contratación das obras deste treito da CG-1.5, entre Brión e o enlace de Urdilde
- Trátase do primeiro dos treitos en que se divide o desdoblamento da VAP e impúlsase tras a aprobación en febreiro do proxecto de trazado da autovía entre Brión e Martelo
- Cada calzada disporá de dous carrís de 3,5 metros, dándolle continuidade ás características da vía no tramo Santiago-Brión

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por importe de 11,2 millóns de euros, das obras do primeiro dos treitos para a conversión en autovía da Vía de Altas Prestacións (VAP) Brión-Noia.

Este é o primeiro tramo da fase inicial desta actuación de desdoblamento, e actuarase nunha lonxitude de 4,9 quilómetros entre Brión e o enlace de Urdilde (entre os puntos kilométricos 11+640 e 16+600). Tras a autorización no Consello, a Xunta licitará as obras nos vindeiros días. O prazo de execución estímase en 18 meses.

Este paso dá continuidade á aprobación no mes de febreiro do proxecto de trazado do desdoblamento da CG-1.5 entre o remate da autovía Santiago-Brión ata o inicio do tramo Martelo-Noia, cun investimento estimado que superará os 29 M€.

En concreto, a estrada proxectada no desdoblamento terá en cada calzada dous carrís de 3,5 metros, beiravías de 2,5 metros exterior e 1 metro interior, e disporá de mediana de 3 metros entre bordos de beiravía das plataformas contiguas, dándolle continuidade ás características da autovía no tramo Santiago-Brión.

No marco das obras que se acometerán realizaranse algunhas modificacións na conexión coa autovía Santiago-Noia (AG-56), co obxecto de adaptar o trazado existente á nova autovía. Unha delas será a reconstrución dos noiros do desmonte na marxe esquerda en dirección Noia, para obter o ancho necesario para a nova sección.

Na obra que se vai licitar conservarase o enlace de Urdilde e será obxecto do desdoblamento a execución definitiva dos ramais da calzada para desdobrar, pero o ramal de entrada en Gundín desaparecerá coa ampliación da calzada pola imposibilidade física de conservalo co desdoblamento da vía.

O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COA AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA NA CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DE SERVIZOS NA ZONA DA PLATAFORMA FLOTANTE DO PARROTE, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 378.000 €

- Esta intervención completa a actuación que se está a executar para habilitar unha zona de baño segura neste emblemático espazo da cidade, que estará rematada a finais deste verán
- Construirase un edificio que constará dun almacén para pequenas embarcacións con acceso directo ao exterior, vestiarios, duchas, unha estancia para o persoal de socorrismo e unha terraza con vistas ao mar
- Seguen avanzando as obras da plataforma flotante do Parrote, situada entre o peirao de Transatlánticos e o castelo de San Antón, cun orzamento global de 2,9M€, no marco da colaboración entre a Xunta e a Autoridade Portuaria da Coruña
- Estas instalacións contarán cunha zona de baño seguro que abrangue dúas piscinas, unha delas aberta ao mar, gradas, espazos de descanso e unha pasarela accesible
- O deseño desta infraestrutura moderna e accesible permitirá o desenvolvemento de actividades náuticas de recreo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coa Autoridade Portuaria da Coruña para a construción dun edificio de servizos na área da plataforma flotante do Parrote, no porto da Coruña, cun investimento de máis de 378.000€.

Esta intervención completa a actuación que se está a executar para habilitar unha zona de baño segura neste emblemático espazo da cidade.

O obxectivo é dotar esta área de lecer dun edificio anexo no que se disporán distintos servizos para os usuarios que se acheguen a esta contorna.

Trátase dunha construción dunha única planta, integrada na contorna e cunha orientación favorable á terraza. A disposición do edificio proporciona unhas atractivas vistas cara ao porto e ao castelo de San Antón.

O edificio constará dun almacén para pequenas embarcacións con acceso directo ao exterior, vestiarios, duchas, unha estancia para o persoal de socorrismo e unha terraza con vistas ao mar.

Plataforma flotante

Cómpre lembrar que seguen avanzando as obras da plataforma flotante do Parrote, situada entre o peirao de Transatlánticos e o castelo de San Antón, cun orzamento global de 2,9M€.

Os traballos progresan a bo ritmo, xa que en agosto se disporá dos módulos que conformarán a plataforma, prevendo o remate das obras para finais deste verán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A instalación contará cunha zona de baño seguro que abrangue dúas piscinas, unha delas aberta ao mar, gradas, espazos de descanso e unha pasarela accesible.

O deseño da infraestrutura, moderna, novidosa e accesible, permitirá o desenvolvemento de actividades náuticas de recreo.

O uso desta nova instalación será compatible coas zonas de paso de embarcacións e do tránsito marítimo, ademais de coa actividade marisqueira propia do Parrote



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE RUBIÁ NO ACONDICIONAMENTO DA RÚA TERRA DO SOUTO E DA SÚA CONTORNA, CUN INVESTIMENTO DE 280.500 €

- O Goberno galego financiará estes traballos coa achega do 70 % do orzamento, case 197.000 €; e o Concello de Rubiá achegará o investimento restante, que rolda os 84.000 €
- O ámbito de intervención localízase na rúa Terra do Souto, na parroquia de Santa Mariña de Rubiá, na contorna de varios edificios públicos
- Estes proxectos desenvólvense ao abeiro do plan Hurbe, un programa de apoio aos concellos para promover actuacións que contribúan a dinamizar as vilas galegas e a mellorar a calidade de vida da súa veciñanza

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Rubiá para o acondicionamento da rúa Terra do Souto e de espazos públicos nesta contorna, que suporá un investimento que rolda os 280.509€.

O ámbito de intervención localízase na rúa Terra do Souto, na parroquia de Santa Mariña de Rubiá, na contorna de edificios públicos como o colexio público Virxe do Camiño, o pavillón polideportivo, un parque infantil, as edificacións municipais destinadas a almacén e as dúas antigas vivendas dos mestres agora rehabilitadas como vivendas municipais.

O Goberno galego financiará estes traballos coa achega do 70 % do orzamento, é dicir, case 197.000 €, e o Concello de Rubiá achegará o investimento restante, que rolda os 84.000 €.

O obxectivo desta intervención é actuar en zonas que se utilizan como punto de encontro e espaxamento do núcleo e que pola súa singularidade necesitan un adecuado acondicionamento para a súa posta en valor, ao tempo que se evita un proceso de degradación urbanística e arquitectónica.

Este proxecto no lugar de Rubiá pretende contribuír á seguridade dos veciños, mediante o saneamento da infraestrutura urbana e a execución de beirarrúas na zona vella da localidade. As ditas actuacións complementáanse coa instalación de barreiras protectoras. Para potenciar un espazo de encontro dos veciños levarase a cabo un programa de humanización de rúas polo que se instalará unha nova rede de iluminación soterrada, e se acondicionará o perímetro do parque infantil e demais zonas verdes, colocando céspede e árbores.

Tras a aprobación do acordo do Consello, a Xunta encargárase da licitación das obras, que contan cun prazo de execución de 5 meses.

Estes proxectos desenvólvense ao abeiro do plan Hurbe, un programa da Xunta que impulsa actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos para contribuír á revitalización do territorio.

Este programa impulsado polo Goberno galego tamén posibilita reforzar o atractivo das aldeas, vilas e municipios, o que redunda na mellora da calidade de vida da veciñanza, no reforzo da competitividade económica e na fixación de poboación, especialmente no rural.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE MANZANEDA NA MELLORA DO VIARIO QUE COMUNICA CO NÚCLEO RURAL DE SOUTELO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 180.000 €

- As actuacións consistirán na mellora do pavimento do camiño, das beirarrúas e da senda nunha estrada entre a parroquia de San Martiño e o núcleo de Manzaneda
- Tamén se levarán a cabo a revisión das redes pluviais e a dotación de zonas verdes
- Este viario ten unha lonxitude de 560 metros e é moi utilizado polos veciños de Manzaneda, Soutelo, San Martiño e Rozavales, xa que é a principal comunicación entre eles e entronca coa estrada provincial de Manzaneda á Pobra de Trives
- A Xunta asume o 70 % do orzamento, 126.000€ euros, contratará e executará as obras; e o Concello achega o 30 % restante do investimento, arredor de 54.000€
- As intervencións forman parte do plan Hurbe, programa do Goberno galego para apoiar ás administracións locais e cofinanciar diferentes tipos de intervencións urbanísticas

O Consello da Xunta vén de autorizar o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Manzaneda para executar as obras de mellora do viario que comunica co núcleo rural de Soutelo, na parroquia de San Martiño, cun investimento de máis de 180.000€.

Acondicionarase o camiño municipal que une os núcleos rurais de Manzaneda e Soutelo, que actualmente conta con deficiencias na súa capa de rodaxe, drenaxe e sinalización viaria horizontal.

Tamén se levarán a cabo a revisión das redes pluviais e a dotación de pequenas zonas verdes.

Este camiño, coñecido como subida a Soutelo, ten unha lonxitude de 560 metros e é moi utilizado polos veciños de Manzaneda, Soutelo, San Martiño e Rozavales, xa que é o principal viario que os comunica entre eles e entronca coa estrada provincial de Manzaneda á Pobra de Trives. Esta vía tamén é empregada polos turistas que visitan estes lugares de alto valor paisaxístico, etnográfico e arquitectónico.

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, achegando un investimento de 126.000€; contratará e executará as obras.

O Concello de Manzaneda achegará o 30 % restante do custo das actuacións, arredor de 54.000€; redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, ao mantemento e á conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas intervencións realízanse ao abeiro do plan Hurbe, un programa co que a Xunta colabora coas entidades locais para a execución de obras de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e de supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como este plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS DO MUNICIPIO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 633.000 €

- O Goberno galego financiará estes traballos coa achega do 70 % do orzamento, case 443.000€; e o Concello achegará o investimento restante, que rolda os 190.000€
- O ámbito de intervención localízase no lugar de Muíños, na parroquia de San Pedro de Muíños, zona de elementos do patrimonio cultural e do patrimonio natural como a Reserva da Biosfera transfronteiriza Xurés-Gerés
- Estes proxectos desenvólvense ao abeiro do plan Hurbe, un programa de apoio aos concellos para promover actuacións que contribúan a dinamizar as vilas galegas e a mellorar a calidade de vida da súa veciñanza

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Muíños para a mellora de espazos públicos do municipio ourensán, que suporá un investimento que rolda os 633.000€.

O ámbito de intervención localízase no lugar de Muíños, parroquia de San Pedro de Muíños, no contorno de elementos do patrimonio cultural, do patrimonio natural (Reserva da Biosfera transfronteiriza Xurés-Gerés), de varios regatos, e de liñas eléctricas.

O Goberno galego financiará estes traballos coa achega do 70 % do orzamento, é dicir, case 443.000 €; e o Concello de Muíños achegará o investimento restante, que rolda os 190.000 €.

O obxectivo desta intervención é actuar en zonas que se utilizan como punto de encontro e espaxamento do núcleo e que pola súa singularidade necesitan un adecuado acondicionamento para a súa posta en valor, ao tempo que se evita un proceso de degradación urbanística e arquitectónica.

Este proxecto no lugar de Muíños pretende a mellora da pavimentación con revisión das instalacións urbanas e soterrado de redes para dar continuidade ás actuacións xa iniciadas noutras fases de humanización de rúas doutros núcleos seguindo os mesmos criterios, creando unha pavimentación idónea para o uso peonil e de tráfico lixeiro principalmente na parte antiga do núcleo buscando dar uniformidade a todo o conxunto.

Tras a aprobación do acordo do Consello, a Xunta encargárase da licitación das obras, que contan cun prazo de execución de 6 meses.

Estes proxectos desenvólvense ao abeiro do plan Hurbe, un programa da Xunta que impulsa actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos para contribuír á revitalización do territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este programa, impulsado polo Goberno galego, tamén posibilita reforzar o atractivo das aldeas, vilas e municipios, o que redunda na mellora da calidade de vida da veciñanza, no reforzo da competitividade económica e na fixación de poboación, especialmente no rural.

PLANO REPRESENTATIVO



FOTO REPRESENTATIVA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA NA HUMANIZACIÓN DE VARIAS RÚAS DA LOCALIDADE, CUN INVESTIMENTO CONXUNTO DE PRETO DE 700.000 €

- Trátase de acometer o acondicionamento de rúas situadas na parte máis antiga da vila, que se atopan en estado de deterioración
- As intervencións inclúen a renovación do pavimento, a instalación dunha nova rede de saneamento e o soterramento do tendido de cable aéreo das instalacións de electricidade, telecomunicacións e iluminación pública
- A Xunta asume o 70 % do orzamento, máis de 488.000€, contratará e executará as obras; e o Concello achegará o investimento restante, uns 210.000€
- Estas actuacións contribuirán á mellora da calidade de vida da veciñanza e ao desenvolvemento económico dun núcleo rural do interior de Galicia, o que posibilitará a fixación de poboación

O Consello da Xunta acaba de autorizar o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de San Cristovo de Cea na humanización de varias rúas da localidade, cun investimento conxunto de preto de 700.000€.

O obxectivo do acordo é acometer o acondicionamento de rúas situadas na parte máis antiga da vila, que se atopan en estado de deterioración.

De xeito máis concreto, as intervencións inclúen a demolición da soleira de formigón actual, a renovación do pavimento, a instalación dunha nova rede de saneamento e o soterramento de todo o tendido de cable aéreo das instalacións de electricidade, telecomunicacións e iluminación pública.

Estas actuacións contribuirán á mellora da calidade de vida da veciñanza e tamén ao desenvolvemento económico dun núcleo rural do interior de Galicia, o que posibilitará a fixación de poboación.

Ademais, a renovación desta contorna favorecerá o funcionamento do comercio, da hostelería e reforzará o pulo turístico que xa existe na localidade ao ser atravesada pola Vía da Prata do Camiño de Santiago e pola súa proximidade ao Mosteiro de Oseira.

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, achegando un investimento de máis de 488.000€; contratará e executará as obras.

O Concello de San Cristovo de Cea achegará o 30 % restante do custo estimado das actuacións, uns 210.000 euros; redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e comprométese á recepción, ao mantemento e á conservación das actuacións, que incorporará ao patrimonio público municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta mantén o impulso na continuada colaboración coas entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 180.000 € NO FINANCIAMENTO DUN PLAN COMUNITARIO DE SAÚDE PIONEIRO NO BARRIO VIGUÉS DE TEIS

- Esta iniciativa forma parte da estratexia da Xunta de promoción da saúde e prevención das adiccións e pretende ser un modelo de boas prácticas extrapolable a outras zonas con necesidades similares
- Desenvolverase un proxecto de saúde comunitaria no barrio de Teis, a través da prevención das condutas adictivas en contextos escolares e sociais, e a promoción da saúde integral
- O enfoque formulado pola Asociación Plan Comunitario de Teis constitúe unha proposta singular e innovadora baseada nun modelo de intervención que implica a sociedade civil, a administración sanitaria e a educativa
- Este Plan comunitario 2025-2028 ten como destinatarios a poboación infanto-xuvenil dos centros educativos de Teis; as familias, asociacións de nais e pais; o persoal docente, sanitario e técnico de servizos sociais e as entidades sociais, deportivas e culturais do barrio
- O financiamento plurianual desta medida permitirá consolidar equipos profesionais estables e asegurar a continuidade das intervencións, nunha aposta clara por políticas públicas con impacto sustentable

A Xunta investirá 180.000 euros para financiar un Plan comunitario de saúde no barrio de Teis, en Vigo, en virtude dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Asociación Plan Comunitario de Teis para o período 2025-2028 que hoxe autorizou o Executivo galego.

O Plan, pioneiro na provincia de Pontevedra e coordinado pola Consellería de Sanidade, forma parte da estratexia de promoción da saúde e prevención das adiccións e pretende ser un modelo de boas prácticas extrapolable a outras zonas con necesidades similares.

O obxectivo é desenvolver un proxecto de saúde comunitaria co obxectivo de mellorar o benestar emocional e a saúde da poboación infanto-xuvenil do barrio, a través da prevención das condutas adictivas e a promoción da saúde integral.

O financiamento plurianual desta medida que prevé o convenio de colaboración permitirá consolidar equipos profesionais estables e asegurar a continuidade das intervencións, nunha aposta clara por políticas públicas con impacto sustentable.

O enfoque formulado pola Asociación Plan Comunitario de Teis constitúe unha proposta singular e innovadora baseada nun modelo de intervención que implica de xeito articulado a sociedade civil, a administración sanitaria e a educativa, así como o conxunto de axentes do territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mediante esta colaboración, preténdense diagnosticar as necesidades e os recursos comunitarios; crear estruturas de participación; fomentar a formación en saúde e autocoidado en contextos educativos e sociais centrándose na prevención de condutas adictivas; e activar e optimizar os recursos existentes, á vez que se fomentan redes comunitarias de apoio.

O proxecto que se vai desenvolver no barrio de Teis, que, polas súas características urbanísticas, sociais, económicas e ambientais, é de especial vulnerabilidade, baséase na metodoloxía comunitaria participativa que integra profesionais da saúde, educación, servizos sociais e entidades veciñais.

Poboación destinataria

Este Plan Comunitario 2025-2028 ten como destinatarios a poboación infanto-xuvenil dos centros educativos de Teis; as familias, asociacións de nais e pais; o persoal docente, sanitario e técnico de servizos sociais e as entidades sociais, deportivas e culturais do barrio.

Establécese unha estrutura operativa formada por comisións e comités especializados que implica toda a rede veciñal e profesional do barrio, para garantir a implicación da comunidade e unha intervención transversal e sustentada.

Deste xeito, entre as comisións que se constituirán están a de saúde e educación, integrada por centros educativos e entidades sociais e sanitarias, para coordinar e facer seguimento das accións neste punto; a de ocio e tempo libre, formada por colectivos deportivos, culturais e sociais para planificar actividades lúdicas e deportivas; e a comisión de urbanismo e ambiente, formada por asociacións veciñais, ambientais e cidadanía, que debaterá e propondrá accións urbanísticas e medioambientais para mellorar o barrio.

Entre os comités que se constituirán están o de interANPAS, para a formación e implicación das familias en accións de prevención e saúde; o comité técnico, constituído por profesionais de servizos públicos e entidades sociais para a difusión de información e sensibilización; o de saúde, formado por profesionais sanitarios e centros educativos para implementar accións de promoción da saúde comunitaria; e, ademais, o de colectivos, integrado por colectivos veciñais, deportivos, culturais e ambientais, para a execución de accións comunitarias preventivas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBÚE Á CONSOLIDACIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL COMO CERTAME DE REFERENCIA DO AUDIOVISUAL GALEGO

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude dota con 60.000 euros o convenio para a organización do certame internacional de cine de carácter competitivo máis lonxevo da nosa Comunidade

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa Asociación Cultural Luarada, a través do que mantén a súa colaboración anual de 60.000 euros para a organización do Ourense Film Festival como cita de referencia do audiovisual galego. Trátase, de feito, do certame internacional de cine de carácter competitivo máis lonxevo da nosa Comunidade, que este ano revalida, ademais, a súa aposta pola creación e a industria audiovisual galega.

A 30ª edición do festival celebrárase desde o 26 de setembro ata o 5 de outubro en diferentes escenarios da cidade.

A contribución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao desenvolvemento do 30º Ourense Film Festival insírese no seu programa de apoio a festivais estratéxicos do sector audiovisual, xunto coa convocatoria anual de axudas, que en 2025 distribúe 300.000 euros entre 10 mostras, ás que se lles recoñece deste xeito a súa importancia non só como plataformas de difusión cinematográfica e de exhibición de proxectos galegos, senón tamén como focos de formación e encontro dos profesionais.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén desde 2021 a mesma contía no seu apoio anual e diferenciado ao Ourense Film Festival, co que vén colaborando vía convenio desde 2014.

O Festival Internacional de Cine de Ourense é o acontecemento máis destacado en Galicia na súa especialidade, un festival que converte a cidade ourensá nunha "cidade de cine" e punto referencial para o público máis cinéfilo e os profesionais do sector en Galicia. Ao longo das súas xa 29 edicións, máis de 140 países dos cinco continentes e os máis destacados profesionais do eido audiovisual estiveron presentes en Ourense. Neste tempo, o festival celebrou numerosas mesas redondas, mercados, masterclases, encontros, conferencias, presentacións e cursos que o converteron nun referente na promoción do cine español e, de forma destacada, do cine galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REACTIVA O PROGRAMA 'TERRITORIO CULTURA' CON 300.000 € PARA NOVOS PROXECTOS QUE INCREMENTEN A OFERTA CULTURAL FÓRA DAS CIDADES

- O Consello aproba a nova quenda das bases destas subvencións, destinadas a ampliar a diversificación e a descentralización cultural en concellos de ata 30.000 habitantes en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia
- Dáselle continuidade ás dúas fases anteriores deste mesmo programa, do que se beneficiaron 30 propostas que chegaron a 85 municipios do país
- A principal novidade desta vindeira quenda é dirixirse unicamente a iniciativas presentadas por persoas físicas e xurídicas para reforzar o sector cultural privado

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases para a próxima publicación, en réxime de concorrência competitiva, dunha nova convocatoria de subvencións do programa *Territorio Cultura*, a través do que se destinan 300.000 euros a futuros proxectos que sigan incrementando a actividade e o tecido cultural en áreas non urbanas. Con esta acción dáselles continuidade ás anteriores dúas fases da mesma liña de axudas, polas que nos anos 2022 e 2023 se puxo en marcha unha trintena de iniciativas desta índole en 85 municipios das catro provincias galegas.

O Goberno galego abriu esta canle de apoio durante a pospandemia e ao abeiro do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU, de xeito que a Xunta foi a primeira Administración autonómica de todo o Estado en deseñar e facerlle chegar á cidadanía este programa. Despois do éxito acadado nas adxudicacións precedentes, esta terceira quenda finánciase a través da repartición de fondos do Estado entre as comunidades autónomas, aprobados no Pleno da Conferencia Sectorial de Cultura do 7 de maio de 2025.

A prioridade de *Territorio Cultura*, en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, continúa a ser a ampliación da actividade cultural no rural galego, entendida esta como motor de cambio, dinamización e transformación social. Ao tempo, búscanse activar procesos culturais que afonden nos vínculos individuais e sociais co territorio, ofrecendo novas oportunidades laborais, estables e de calidade, no eido cultural.

Tamén é similar o perfil dos concellos destinatarios dos proxectos, de menos de 10.000 habitantes ou de ata 30.000 sempre que a densidade de poboación sexa inferior aos 100 hab/km², así como a ampla tipoloxía de accións subvencionables. Así, en *Territorio Cultura* teñen cabida proxectos que favorezan a experimentación, a investigación e a innovación cultural e posúan unha concreción práctica no territorio: educación, cooperación, patrimonio inmaterial, mediación, uso de novas tecnoloxías, eventos artísticos de calquera disciplina (artes visuais, cine e artes audiovisuais, teatro, danza, circo, música, literatura e palabra, arquitectura, deseño e artesanía), actividades multidisciplinares e de relación coa ciencia ou os saberes tradicionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Favorecer a iniciativa privada

A diferenza das anteriores, a nova convocatoria establece unha única categoría de destinatarios: persoas físicas e xurídicas (autónomos e asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro). Con isto preténdense favorecer a actividade e os proxectos xurdidos da iniciativa privada, tendo en conta a súa maior incidencia na profesionalización do sector e a súa capacidade para fomentar a empregabilidade. Só se poderá presentar un proxecto por persoa solicitante e sempre que teña un orzamento subvencionable igual ou superior a 15.125 euros.

Outra das principais novidades é que se introducen como subvencionables os gastos de transporte, sempre que sexan postos á disposición de xeito gratuíto e co obxectivo de estender a participación nos proxectos ás persoas residentes en poboacións próximas.

As persoas e entidades interesadas teñen un mes de prazo para presentar as súas propostas, contado a partir do día seguinte da próxima publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia*, en tanto que os proxectos deben desenvolverse entre o día da presentación e o 30 de setembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REGULA O TRASLADO DE ESPECIES, CO FIN DE ORDENAR O CONXUNTO DE OPERACIÓNS E REXISTROS DESDE A CAPTURA ATA O DESEMBARQUE

- Trátase dunha disposición normativa novidosa, moi demandada polo sector e que garante a calidade e o control do camarón, a nécora, a centola, o boi, o lumbrigante, a lagosta, o santiaguíño e a anguía
- Facilitará a rastrexabilidade dos lotes, mediante a identificación das actuacións do desprazamento, identificándoas a través da creación de tres documentos: declaración de traslado, de recollida e de anulación
- Aborda outros elementos como os lugares autorizados para a almacenaxe, a duración do acopio e a rastrexabilidade

O Consello da Xunta deu o visto e praxe á norma reguladora do traslado de especies mariñas, dando así resposta a unha demanda reiterada do sector e cumprindo coa normativa europea que establece os antecedentes normativos para o desenvolvemento desta disposición autonómica.

Deste xeito, a Consellería do Mar dota o sector dunha ferramenta xurídica necesaria, pois garante a calidade e o control da actividade tanto á administración pesqueira como aos consumidores. E é que o valor no mercado das capturas tamén depende de que cheguen vivas e en óptimas condicións á lonxa para a súa posta á venda. As especies que se verán afectadas son as seguintes: camarón, nécora, centola, boi, lumbrigante, lagosta, santiaguíño e anguía.

A disposición establece as operacións de traslado, constituídas por unha declaración de traslado, un rexistro de finalización e unha anulación do desprazamento. Con estes tres documentos de rastrexabilidade, ordénase a actividade, outorgando aos pescadores afectados e ao resto dos operadores que interveñen en todo este proceso de traslado, as pautas reguladoras mínimas que transcorren entre o momento do almacenamento das especies capturadas e a descarga para a súa venda.

Aspectos relevantes

A norma regula outros aspectos relevantes que se suceden durante as actuacións de transporte, como son: lugares autorizados para almacenar as capturas, duración máxima do almacenamento, tope de declaracións permitidas, conxunto de condicións necesarias para o cumprimento das operacións de traslado e rastrexabilidade na cadea comercializadora.

A este respecto, a disposición especifica que, para o desenvolvemento deste traballo, o lugar no que se manteñen estas especies pode ser a propia borda da embarcación, unha boia de fondeo ou naqueles lugares onde se efectúa a atracada permanente das embarcacións de pesca. Búscase así que os sitios nos que se realizan as operacións de mantemento en vivo destas especies estean debidamente identificadas de forma que as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

características básicas da embarcación que realiza o traslado sexan perfectamente visibles.

Asemade, o período no que se manteñen almacenadas as capturas das especies sinaladas varía segundo as localidades, podendo producirse desde unhas horas en espera do momento da poxa a varios días en función da previsión dos prezos, ou tamén, co fin de xuntar unha cantidade suficiente que lle compense ao produtor o seu traslado á lonxa. A duración máxima permitida para a acumulación será, en todo caso, de sete días consecutivos, computándose desde a data de expedición do documento de traslado ata a data de finalización deste.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E CSIC COLABORAN NO ESTUDO DOS FACTORES QUE AFECTAN A VOLANDEIRA QUE IMPIDEN A SÚA COMERCIALIZACIÓN NA RÍA DE VIGO

- Esta acción desenvolverase no marco da rede de colaboración entre os organismos científicos autonómicos e o sector pesqueiro, Redemar, ata o ano 2027 cun investimento de 98.105 euros
- No proxecto participan tamén a Asociación de Marisqueo a Flote de Vigo, o Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia e a Universidade de Vigo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para a realización do proxecto *Volaria*. A iniciativa aborda o estudo dos factores biolóxicos e físico-químicos que afectan a acumulación de chumbo na volandeira, e da dispersión e orixe deste elemento nos bancos marisqueiros da Ría de Vigo.

A acción, desenvolvida no marco da rede de colaboración entre os organismos científicos autonómicos e o sector pesqueiro, Redemar, prolongará os traballos ata o 2027 nos que o Goberno galego investirá 98.000 euros. A investigación pretende coñecer se existe unha relación entre o tamaño ou a idade dos organismo e a concentración de Pb nos seus tecidos, se existen variacións asociadas ao ciclo reprodutivo ou ao estado gonadal, así como os niveis disoltos e particulado na Ría de Vigo e a súa variación temporal ao longo do ano.

Ademais, este proxecto permitirá estimar o grao de dispersión orixinario da antiga fábrica de cerámica mediante a análise de isótopos en sedimentos e volandeiras. O labor investigador será realizado polo Instituto Español de Oceanografía (CSIC-IEO) e polo Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC-IIM) en colaboración coa Asociación de Marisqueo a Flote Ría de Vigo, co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da Consellería do Mar, e coa Universidade de Vigo.

Outros proxectos

A Xunta está reforzando a actividade investigadora no ámbito mariño coa finalidade de contar coa mellor información científica coas que artellar as medidas técnicas máis efectivas ante os retos actuais aos que enfronta a actividade pesqueira. Así, a Consellería do Mar xa colabora co CSIC con outros proxectos como *Biorock*, para o estudo da mellora do crecemento de especies de acuicultura, ou o proxecto *RIFA*, que ten como finalidade o estudo da resposta inmune da ameixa rubia fronte a factores ambientais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA EXPRESA A SÚA PREOCUPACIÓN ANTE O POSIBLE RECORTE DE FONDOS DE COHESIÓN, AGRÍCOLAS E PESQUEIROS PARA GALICIA NA PROPOSTA DE MFP 2028-2034

- A Xunta defendeu en reiteradas ocasións a importancia de protexer os sectores estratéxicos como a pesca, o medio rural e a industria agroalimentaria
- A Consellería do Medio Rural manterá unha reunión con axentes do sector primario para abordar as medidas a levar a cabo diante da proposta da nova PAC
- A Consellería de Mar reclama o mantemento dun fondo único para o sector e a participación da Administración autonómica no deseño, planificación e execución destes fondos para garantir a sostibilidade da actividade marítimo-pesqueira
- O Goberno galego valora positivamente o impulso das políticas de innovación e competitividade, pero critica que sexa a conta da redución do apoio á política de cohesión e á actividade agraria e pesqueira
- O Goberno galego, que preside a Delegación Española no Comité Europeo das Rexións, e o conxunto das comunidades autónomas avogan por unha xestión dos fondos descentralizada

O Consello da Xunta deu conta na xuntanza de hoxe do informe presentado pola Fundación Galicia Europa en relación coa proposta da Comisión Europea sobre o novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034 (MFP). Alfonso Rueda expresou a súa preocupación ante o recorte e a eliminación da estrutura diferenciada que tiña ata agora a xestión dos fondos europeos destinados ao sector primario, “uns fondos claves para manter, modernizar e facer máis sostibles as explotacións”, e advertiu do impacto negativo que estes axustes poderían ter en sectores estratéxicos como a pesca, o medio rural e a industria agroalimentaria.

A Xunta remarca a súa postura á hora de poñer en valor o papel de Galicia na defensa da posición das rexións para deseñar e executar estes fondos. Así, incide en que seguirá traballando para que o Goberno central traslade ao Consello da Unión Europea a súa preocupación polo futuro da cohesión, xa que Galicia “vén sendo un exemplo de xestión responsable e eficiente do financiamento destinado ás políticas de cohesión”. Por parte das Consellerías do Medio Rural e do Mar xa se solicitou a semana pasada ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a celebración dunha Conferencia Sectorial urxente e presencial e, ao mesmo tempo, convocarase unha reunión con axentes do sector primario para abordar estas cuestións e facer fronte común diante desta proposta que é lesiva para os profesionais do sector agrogandeiro e pesqueiro.

En primeiro lugar, Medio Rural lamenta a desaparición da arquitectura tradicional da Política Agraria Común (PAC), ata agora cun fondo independente baseado en dous piares: as axudas directas (fondo Feaga) e os programas de desenvolvemento rural (fondo Feader), “co que se cofinancian as axudas para promover a incorporación de mozos ao agro ou a instalación de actividades non especificamente agrícolas no rural”, como salientou o presidente. Coa reforma todo pasará a integrarse nun único fondo no que tamén entran outros ámbitos como asuntos sociais, defensa, migración, medio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ambiente ou pesca. Neste fondo xeral bloquearanse unicamente algunhas medidas da PAC, pero a distribución das partidas entre as diferentes intervencións dependerá de cada Estado membro, o que afecta especialmente aos fondos que ata o de agora estaban blindados no segundo pilar a través do Feader.

En segundo lugar, rexéitase tamén o recorte da dotación económica da nova PAC, que inicialmente supera o 20%, pero que será máis debido a que tamén se incrementa o cofinanciamento estatal e autonómico nalgunhas accións. Segundo os cálculos iniciais, suporá unha redución aproximada de 80 millóns de euros anuais para o rural galego, o que implica 480 millóns menos no período, deixando especialmente mermado o orzamento para o desenvolvemento rural. A PAC é un dos mecanismos máis importantes que se xestionan desde as comunidades autónomas e que permite garantir e manter a actividade dos gandeiros e agricultores. Ademais, sen este recurso de apoio directo ao sector, os prezos dos produtos agroalimentarios serían moito máis elevados e repercutiría de xeito negativo no consumidor.

Pola súa banda, a Consellería do Mar considera imprescindible e irrenunciable contar cun fondo propio e específico para a política pesqueira coa dotación suficiente para que o sector poida afrontar os desafíos actuais, máxime cando Galicia é a principal potencia pesqueira da Unión Europea. Por este motivo, desde este departamento tamén se pide unha maior rexionalización no deseño e execución destes recursos económicos, ao seren decisivos para a competitividade e a sostibilidade da cadea mar-industria, cuxa facturación se eleva aos 11.600 millóns de euros e xera máis de 50.000 empregos directos.

En definitiva, Rueda salientou que urxen ao Ministerio a convocatoria da citada Conferencia Sectorial na que analizar a situación e establecer unha estratexia conxunta en defensa da agricultura e da pesca e o seu futuro, que non elimine unha partida específica para ambos sectores e priorice a participación da Administración autonómica na xestión e distribución do vindeiro Fondo.

Oposición á centralización

O Goberno galego reitera a súa oposición a unha centralización da política de cohesión: "Volver a centralizalo nos Estados é un paso atrás que as diferentes rexións de Europa estamos poñendo de manifesto e que confiamos que non se consume", remarcou o presidente. Nese contexto, salienta que se tiveran en conta as aportacións das rexións no documento do novo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034) da Comisión Europea, que propón a creación da figura dos Plans de Asociación Nacionais e Rexionais, aínda que deixa en mans dos gobernos centrais o seu desenvolvemento. A Xunta, polo tanto, vixiará o seu cumprimento e esixirá ao Goberno de España a cogobernanza en todo o que afecta ás rexións na xestión dos fondos.

Así mesmo, Rueda recordou que esta é unha primeira proposta da Comisión Europea, que ten como obxectivo simplificar os procedementos para a xestión dos fondos e que está suxeita a un debate profundo sobre o modelo exposto: "Esperamos que a Comisión Europea recapacite e teña en conta todo o que lles estamos dicindo", apuntou o presidente. Con todo, salienta a oportunidade que presentan programas como

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Horizonte Europa, que impulsan as políticas de innovación e competitividade, nos que Galicia amosou unha participación crecente e con bos resultados, que se ven beneficiados na nova proposta de orzamentos. O novo Fondo de Competitividade, que favorece sectores nos que tamén destaca a nosa comunidade, como as tecnoloxías dixitais e a intelixencia artificial, a defensa e o espazo, a transición limpa e a descarbonización industrial ou a saúde, biotecnoloxía e bioeconomía, tamén son valorados positivamente.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, como presidente da Delegación Española no Comité Europeo das Rexións, vén amosando de forma constante a súa preocupación sobre o futuro dos orzamentos da Unión Europea. Neste ano viaxou en varias ocasións a Bruxelas para reunirse co vicepresidente executivo de Cohesión e Reformas, Raffaele Fitto. Nestas xuntanzas, o titular do Executivo galego entregoulle persoalmente o documento que recolle a posición común de todas as comunidades autónomas en relación co futuro do financiamento europeo, que reflicte o parecer colectivo de todas as rexións españolas de que os orzamentos destinados á cohesión deberían seguir sendo xestionados polos gobernos rexionais para asegurar a consecución dos seus obxectivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN PARA A REDUCIÓN DA BUROCRACIA NOS CENTROS EDUCATIVOS, QUE SUPORÁ UN AFORRO DE MÁIS DE 120.000 HORAS POR CURSO E UNS 600 PASOS ADMINISTRATIVOS

- Cúmprese así cun dos puntos pactado no Acordo de mellora educativa cos sindicatos CCOO, ANPE e UXT, do que para o seu desenvolvemento se vén traballando desde hai meses
- O conxunto de medidas avaliado hoxe recolle accións en tres eixos: simplificación de procedementos, dixitalización e marco normativo
- Actúase sobre máis de 50 procedementos e 22 aplicacións que manexan os centros, cunha repercusión directa sobre os labores diarios
- Destaca que isto permitirá a redución da carga de traballo administrativo docente, que poderán dedicar máis tempo a tarefas exclusivamente pedagóxicas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vén de avaliar un conxunto de accións para a simplificación das tarefas burocráticas nos centros educativos que suporá un aforro de máis de 120.000 horas de traballo administrativo por curso no conxunto do sistema e uns 600 pasos nos procedementos, que, dado que se repiten varias veces ao longo do curso, multiplica esta cifra de xeito exponencial.

En palabras do titular do Executivo galego, isto suporá “eliminar moita burocracia nos centros escolares” e repercutirá de xeito directo na redución da carga de traballo dos equipos directivos e do profesorado no día a día dos colexios e institutos, ao tempo que redundará nun mellor funcionamento e na atención aos alumnos e ás súas familias.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP deu conta ao Consello da Xunta deste conxunto de iniciativas coas que o Goberno galego dá cumprimento a un dos puntos pactados no Acordo de mellora educativa asinado coas organizacións sindicais CCOO, ANPE e UXT e no que se vén traballando desde a súa sinatura, con reunións técnicas ao respecto, e numerosas achegas por parte destas organizacións. E tamén se dá resposta a unha das principais demandas do profesorado en toda España, de reducir os tempos, os trámites e a carga de traballo administrativo en beneficio de máis tempo dedicado exclusivamente ás tarefas de índole académica.

Rueda destacou que a folla de ruta, que implica actuar sobre máis de 50 procedementos administrativos e en 22 aplicacións informáticas, artéllase en tres eixos de actuación que son a simplificación dos procesos, o impulso da dixitalización e o desenvolvemento dun marco normativo, a partir dos cales se categorizan paquetes de accións que se irán implementando nos próximos cursos académicos.

Así pois, tal e como abundou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, a partir de setembro, coincidindo co inicio do curso 2025-26, comezarán a facerse efectivas actuacións que nos últimos meses

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estiveron en fase de pilotaxe, mentres que no curso 2026-27 se prevé o máximo impulso da maioría das accións pechadas coas organizacións sindicais.

O conselleiro sinalou que no eixo de simplificación administrativa, o obxectivo é “racionalizar a xestión documental” dos centros para reducir a cantidade de información e documentos que se deben elaborar, promover o aproveitamento de datos xa dispoñibles para eliminar duplicidades e homoxeneizar procedementos. Para isto, actúase sobre un total de 50 procedementos cun aforro de case 600 pasos administrativos que se replican varias veces ao longo do curso, e que se eliminarán cando se completen o conxunto de accións acordadas.

Entre as accións previstas figura a redución e a unificación das aplicacións corporativas de xestión interna que manexan os centros e que están dirixidas a distintos perfís como profesores, orientadores, inspección ou servizos centrais, ou deseño dun modelo en liña unificado para a participación nos distintos programas educativos que simplificará o proceso de solicitudes dos centros, así como as memorias xustificativas, entre outros.

Informatización do chamamento de substitutos

O presidente salientou que unha das novidades neste eido, que estará operativa antes de finais de ano, é a posta en funcionamento dunha aplicación informática para o chamamento de profesorado substituto, o que evita que os interesados teñan que estar pendentes do teléfono, como ocorre ata o momento.

A falta de perfilar os detalles técnicos, a aplicación funcionará coas mesmas normas que xa operan para o chamamento telefónico, pero coa vantaxe para os aspirantes, que recibirán as notificacións de vacantes e chamamentos vía electrónica (correo, móbil...) e disporán dun tempo prudencial para meditar a aceptación ou non. Rueda sinalou que isto tamén “axilizará a cobertura de persoal” nos centros educativos cada vez que se produza unha vacante, especialmente naquelas modalidades de difícil cobertura, xa que o proceso se fai automaticamente e non hai que ir facendo chamamentos telefónicos un a un ata que un aspirante acepte a praza.

Organización dos departamentos de orientación

No eixo da dixitalización, Román Rodríguez destacou que as accións previstas permitirán tamén simplificar os procesos administrativos e dispoñer de datos, rexistros e resultados máis fiables ao tempo que se garante a seguridade e rastrexabilidade destes.

Unha das cuestións nas que se está traballando e que terá un impacto positivo é os aspectos relacionados coa atención á diversidade e a orientación, xa que os departamentos de orientación contarán cun contorno de traballo específico a través da aplicación GaliOrienta, onde se ordenará a toma de datos e o rexistro de actuacións para cada alumno atendido. Na práctica, ademais de axilizar os informes por alumno, isto permitirá dispoñer de datos básicos desagregados para o sistema, o que servirá para unha mellor toma de decisións ante cada caso concreto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Probas en liña

Tamén este vindeiro curso se implantarán as probas en liña para as avaliacións de diagnóstico (das cales xa se fixo unha proba piloto o curso pasado) e para as probas dos premios extraordinarios. Todo iso farase a través da plataforma Avalia, que permitirá planificar, executar, analizar e automatizar a recollida e a explotación de datos que facilitará a toma de decisións por parte do profesorado e dos equipos directivos.

Canto aos distintos protocolos educativos vixentes, recóllese un calendario para a dixitalización progresiva dos procedementos, que arrancará cos de absentismo escolar e o corrector de condutas. Tamén se dixitalizará, este mesmo ano, o procedemento de dotación de recursos de carácter extraordinario aos centros derivados de aplicar os ditos protocolos, o que axilizará a asignación de recursos nestes casos.

En aspectos de carácter máis administrativo, cómpre salientar a creación do Expediente Electrónico do alumnado, isto é, un espazo dixital único que recolla todos os datos corporativos, así como os de interese educativo respecto ao proceso de aprendizaxe, a dixitalización de solicitudes habituais que realiza un centro á inspección educativa (como pedir días non lectivos, impartir materias con pouco alumnado, configuración de ámbitos...) ou a votación en liña nos consellos escolares.

Sinatura dixital para todo o profesorado

No eixo do marco normativo estase traballando en estender a sinatura dixital entre o profesorado, e mesmo regular a súa obrigatoriedade en determinados procedementos. Isto permitirá reducir a xestión administrativa asociada a sinaturas manuais en informes internos, regulando a validez da autenticación en procedementos dixitalizados nas aplicacións corporativas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 22 MILLÓNS DE EUROS A APOIAR AS FAMILIAS GALEGAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE PARA QUE FAGAN FRONTE AOS CUSTOS DA FACTURA ELÉCTRICA

- O Goberno galego destina 22,2M€ a estas axudas, que se comezarán a pagar de xeito inmediato polo importe total do apoio e sen necesidade de presentar solicitude, dos que 20,3M€ están reservados ao Bono Social Térmico (BST), e preto de 2M€ no caso do complemento ao Bono Social de Electricidade (BSE)
- A Xunta leva apoiando as familias galegas para que poidan facer fronte aos gastos xerados polo consumo eléctrico desde o ano 2014 con máis de 17M€, que beneficiaron preto de 68.000 galegos
- Galicia é a única Comunidade que ten en marcha este mecanismo complementario ao Bono Social de Electricidade estatal, que evita o corte da subministración e garante o acceso a unha necesidade básica, e cuxo importe oscila entre os 150 e os 225 € no caso das familias numerosas

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión semanal o inicio do pagamento da axuda complementaria ao Bono Social de Electricidade (BSE) e do Bono Social Térmico (BST), dous apoios que está a tramitar o Goberno galego e aos que este ano se destinan máis de 22,2 millóns de euros co obxectivo de continuar apoiando as familias máis desfavorecidas para que poidan facer fronte ao aboamento das facturas eléctricas.

Deste xeito, a Administración galega está a proceder ao pagamento automático do 100 % dos importes concedidos sen necesidade de que a persoa beneficiaria o solicite nin presente xustificación adicional. En total, serán 22.289.596,8 euros, dos que 1.955.850 euros irán destinados á axuda complementaria ao Bono Social de Electricidade (BSE), e 20.333.746,8 euros ao Bono Social Térmico (BST).

A axuda ao Bono Social de Electricidade é un mecanismo complementario ao programa de axudas estatal, que concede a comunidade galega para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, que estean, ademais, nalgunhas das seguintes situacións: sexan beneficiarios da Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga), do Ingreso mínimo vital (IMV) ou dunha pensión non contributiva (PNC). A contía da axuda por beneficiario é de 150 euros, que ascende a 225 euros no caso das familias numerosas.

Para determinar a listaxe de persoas beneficiarias neste ano 2025 tivéronse en conta os datos dispoñibles en 31 de decembro de 2023 para a concesión do Bono Social Térmico (BST) e a situación de vulnerabilidade na data de cruzamento dos datos, que para o caso dos apoios concedidos este ano é o 31 de decembro de 2024. En total, poderán percibir esta axuda complementaria 12.395 beneficiarios, dos que 1.288 se corresponden con familias numerosas.

Galicia, única comunidade do Estado con complemento ao BSE

Galicia é a única comunidade que ten en marcha este mecanismo complementario ao estatal. De feito, a Xunta leva apoiando as familias galegas en facer fronte aos gastos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

derivados do consumo eléctrico desde o ano 2014, cando se puxo en marcha o denominado *Ticket eléctrico*, que ao longo de catro anos chegou a 7.499 beneficiarios e contou cun orzamento de 1,2 millóns de euros (1.209.809,8 euros).

No ano 2016 implantáronse as *Axudas urxentes de tipo social* (AUXS), que estarían vixentes ata o ano 2022 beneficiando 26.333 persoas grazas a un orzamento de 7 millóns de euros (7.060.234,74 euros). E no ano 2023 creouse a axuda complementaria ao Bono Social de Electricidade (BSE), que desde entón, e sumando a achega desta edición, leva concedidos apoios por importe de preto de 9 millóns de euros (8.927.625 euros) e beneficiarán 33.790 persoas. En total, o Goberno galego destinou máis de 17 millóns de euros e chegará a preto de 68.000 galegos e galegas desde o ano 2014.

Bono Social Térmico (BST)

No que respecta ao Bono Social Térmico (BST), este ano resultarán beneficiarias 92.974 persoas consumidoras, que recibirán axudas por un importe global de 20.333.746,8 euros. Para poder optar a estes apoios, que se conceden como os anteriores de xeito automático e sen necesidade de solicitálos previamente, cómpre ser tamén beneficiario do Bono Social de Electricidade (BSE).

A súa finalidade é a de compensar os gastos necesarios para garantir a subministración de enerxía para usos térmicos ou o apoio a actuacións de aforro ou melloras da eficiencia enerxética aos consumidores vulnerables. E as contías, que veñen determinadas polo grao de vulnerabilidade e pola zona climática no que se localiza a vivenda na que está empadroadada a persoa beneficiaria, oscilan entre os 138,82 e os 248,71 euros para os consumidores vulnerables, e os 222,12 e os 397,93 euros para os consumidores vulnerables severos.

Este é o segundo ano no que a Consellería de Economía e Industria se fai cargo da concesión e do pagamento destas axudas que no ano 2023 chegaron a 79.605 persoas e contaron cun orzamento de 17.228.698,61 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SINALA QUE O CUPO QUE ESIXEN OS INDEPENDENTISTAS OCASIONARÍA A GALICIA UN PREXUÍZO ECONÓMICO SIMILAR AO CUSTO DE DOUS ANOS DE PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA

- Apunta que o informe presentado hoxe no Consello da Xunta “constata que a situación pon en perigo a prestación dos servizos básicos en Galicia”
- O impacto económico para a comunidade superaría os 600 M€ anuais coa saída de Cataluña do sistema de financiamento, cantidade que podería superar os 2.000 M € se o modelo se estendese ao resto das CCAA
- Reitera a oposición do Goberno galego a que haxa “cidadáns de primeira e cidadáns de segunda” e que as prestacións dos servizos dependan do lugar no que se resida
- Esta posición foi adoptada hai oito anos coa Declaración de Santiago e o pasado venres ratificouse nunha declaración institucional conxunta co Goberno de Extremadura

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sinalou hoxe que o cupo que esixen os independentistas suporía que “Galicia deixase de ingresar o equivalente ao custo de dous anos das diferentes prestacións relacionadas coa dependencia”, segundo un informe sobre as repercusións que este acordo bilateral tería para a Comunidade galega presentado no Consello da Xunta. Rueda apuntou que este documento “constata que a situación pon en perigo a prestación dos servizos básicos en Galicia”.

Os cálculos realizados tanto pola Consellería de Facenda e Administración Pública como por organismos independentes como Fedea ou o Foro Económico de Galicia coinciden en que o impacto da saída de Cataluña do actual sistema de financiamento suporía para a Comunidade galega unha perda de recursos de máis de 600 M€ anuais, “o mesmo que os orzamentos das consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático e Economía e Industria xuntas”, puxo como exemplo Rueda.

E, de estenderse o modelo ao resto das CC.AA., a perda de recursos superaría os 2.000 M€. Este custo sería “equivalente a todo o gasto en ensino público non universitario ao longo dun curso” ou “o que se destina ás receitas sanitarias durante dous anos”.

O Acordo Bilateral de Financiamento Singular para Cataluña constitúe polas súas características un auténtico sistema de cupo que racha cos sistemas de financiamento establecidos ata a actualidade, copiando o sistema de concerto vasco no que cada Comunidade recada todos os tributos pagados no seu territorio e achega ao Estado central unha parte en concepto de custe dos servizos prestados nela pola Administración central, o cupo. A Administración central perdería as súas capacidades de redistribuír os recursos tributarios garantindo un reparto equitativo entre os territorios, supoñendo un custo económico similar ao custo de cinco anos de transporte escolar.

A implantación deste novo modelo –pactado de xeito bilateral entre o Goberno de España e a Generalitat de Cataluña– racharía co actual, no que toda a cidadanía, con

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

independencia do lugar no que resida, ten dereito a recibir o mesmo financiamento por habitante axustado, o que garante uns servizos públicos básicos que en Galicia se verían ameazados.

O acordo alcanzado con Cataluña, lonxe de asegurar a solidariedade e igualdade do conxunto da poboación, implica mudar un sistema de financiamento baseado nas necesidades de gasto, por outro que xira en torno á capacidade recadatoria. O informe incide en que a aplicación da nova proposta sería prexudicial para a maioría das CC.AA., e daría lugar a un sistema de financiamento autonómico no que os cidadáns das rexións con máis capacidade fiscal terían mellores servizos que os das rexións con menor capacidade tributaria. Polo tanto, xeraría, segundo apuntou Rueda, un país con “cidadáns de primeira e cidadáns de segunda”.

A proposta contida no acordo racha cos principios de igualdade, suficiencia, solidariedade e corresponsabilidade que garante a Leí Orgánica de Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA), e suporía a fragmentación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), o que pon en risco tanto a xestión tributaria como a persecución da fraude fiscal, como denunciaron de forma reiterada as asociacións de inspectores de Facenda.

A Xunta leva anos defendendo que o actual modelo de financiamento autonómico está superado e non se axusta ás necesidades de gasto da Comunidade galega, e sostén que a reforma do sistema de financiamento autonómico (SFA) ten que negociarse con todas as Comunidades Autónomas, no marco do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF). Isto permitirá que a negociación se realice en condicións de igualdade.

O Goberno galego seguirá reclamando un financiamento suficiente e equitativo en todos os foros que sexa preciso, por iso promoveu hai oito anos a Declaración de Santiago, cuxos principios foron ratificados o pasado venres nunha declaración conxunta en Mérida que asinaron o presidente galego, Alfonso Rueda, e a presidenta extremeña, María Guardiola.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DEDICA MÁIS DE 1,3 M€ A OFRECER AOS PROFESIONAIS DA SANIDADE PÚBLICA O APOIO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA AXILIZAR A ELABORACIÓN DE INFORMES E DESBUROCRATIZAR O SEU TRABALLO

- O presidente destaca que a Xunta probará, coas suxestións dos profesionais, solucións con IA xenerativa para ofrecer apoio aos traballadores á hora de codificar episodios de ingreso e elaborar informes de altas con propostas para validar ou retirar
- Tamén axudará a avaliar o estado do paciente en relación con protocolos e guías de práctica clínica e emitirá alertas ou recomendacións cando sexa necesario que o médico realice algunha acción
- Sinala que permitirá consultas personalizadas sobre a historia clínica para obter información precisa de forma máis rápida
- Axudará os pacientes a responder consultas como a duración do tratamento ou a forma específica de tomar unha pastilla segundo as indicacións establecidas polo persoal sanitario
- Poderá resumir informes médicos cunha interpretación en linguaxe comprensible para a cidadanía
- As solucións dixitais de maior eficiencia levaranse á práctica ao longo do segundo semestre de 2026.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que a Xunta avanza nas solucións dixitais para mellorar a eficiencia dos recursos sanitarios e destinará 1.305.328,64 euros á contratación do servizo para deseñar distintas solucións, a través da intelixencia artificial xenerativa e coas achegas dos profesionais da sanidade pública, que contribúan á desburocratización do traballo do persoal do Servizo Galego de Saúde.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería de Sanidade sobre a próxima contratación de servizos de apoio ao diagnóstico mediante algoritmos e a plataforma de intelixencia artificial xenerativa de apoio á toma de decisión.

O titular do Goberno galego sinalou que a Xunta traballa para que os profesionais sanitarios teñan “máis tempo para atender aos seus pacientes” e que a intelixencia artificial lle sirva ao persoal sanitario para codificar episodios de ingreso e elaborar informes de altas. O sistema captará información a partir de informes de urxencias, curso clínico médico e de enfermería do episodio de ingreso, informes de radiodiagnóstico ou datos de laboratorio que devolverá como proposta de codificación para a súa validación.

No caso de informes de alta, Rueda apuntou a que ofrecerá unha proposta con terminoloxía homoxeneizada e cun informe estruturado no que o profesional sanitario encargado da súa validación poderá introducir cambios e seleccionar as propostas que desexa manter ou retirar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, servirá de apoio ao profesional para estruturar a información coas etiquetas da historia clínica do Servizo Galego de Saúde. Cando un facultativo escriba texto con anotacións ou un informe do paciente, a intelixencia artificial analizará o texto para identificar se se corresponde con variables clínicas, problemas de saúde, procedementos ou síntomas. A continuación, devolverá a información para que o profesional poida seleccionar os datos que desexa manter para o seu rexistro acorde coa última versión da historia clínica electrónica IANUS5.

Disporá dun sistema de axuda sobre a base de protocolos ou guías clínicas. Desta forma, tal e como sinalou o presidente, axudará a avaliar o estado do paciente e emitirá alertas ou recomendacións cando sexa necesario que o facultativo realice algunha acción, segundo a análise automática de protocolos e guías de práctica clínica en formato dixital.

Entre outras facilidades, permitirá realizar consultas personalizadas sobre a historia clínica dun paciente para obter información precisa de forma máis áxil. O sistema permitirá elaborar un perfil dun paciente, alimentándose do seu historial e de fontes con evidencia científica. Os profesionais, por exemplo, poderán solicitar informe do último cateterismo que lle foi realizado ou calcular a gravidade da enfermidade en pacientes críticos con base en escalas clínicas estandarizadas.

O presidente salientou que este sistema tamén terá beneficios para os pacientes. O Servizo Galego de Saúde ofrecerá, a través da intelixencia artificial, axuda para resolver dúbidas do ámbito farmacolóxico. O sistema accederá á información do tratamento activo do paciente para, axustándose ás indicacións establecidas polos clínicos, responder preguntas como ata cando tomar un medicamento, cada cantas horas se debe tomar, se se debe partir a pastilla ou se se teñen síntomas como visión borrosa e estes síntomas poderían deberse ao tratamento en cuestión.

Outra das solucións que achegará será resumir a historia clínica do paciente. Traducirá un informe clínico a unha interpretación en linguaxe “sinxela e comprensible” para a cidadanía. No caso dos profesionais, xerará un formato de informe estruturado da situación do paciente con base na revisión de analíticas, cursos clínicos, antecedentes ou alerxias. Desta forma, axilízase a verificación por parte do profesional.

Todas estas solucións deseñadas serán avaliadas e levaranse á práctica aquelas que destaquen pola súa eficiencia. Teñen como obxectivo reducir labor burocrático dos profesionais do Servizo Galego de Saúde e mellorar a calidade do servizo á cidadanía por medio da automatización e a optimización de procesos clínicos e administrativos.

A previsión da Consellería de Sanidade é que as primeiras solucións estean en uso ao longo do segundo semestre de 2026.

Este proxecto está financiado pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 484.000 € PARA CONTRATAR SERVIZOS DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL DESTINADOS AO CONTROL PREVENTIVO DOS PACIENTES DIABÉTICOS

- A ferramenta informática, que deberá estar funcionando no segundo semestre do vindeiro ano, xerará unha caracterización completa do paciente diabético sobre a base de diferentes fontes de información
- Proponse incorporar procesos de detección automática que alerten os profesionais sanitarios da posible aparición de diabetes en persoas menores de 35 anos
- A Xunta traballa en dotar os profesionais de maior capacidade para tomar decisións informadas en datos, na identificación de patróns, monitorización continua e aforro de tempo
- O sistema disporá da funcionalidade para realizar indicacións ou recomendacións en función da información clínica
- No que atinxe aos pacientes, o obxectivo é facilitarlles ferramentas dixitais para que xestionen a súa saúde de maneira máis eficiente, ademais de asistencia virtual e a anticipación a eventos de alerta
- O Servizo Galego de Saúde xa recompila actualmente 10 millóns de variables clínicas cada mes a través de sensores para pacientes diabéticos en seguimento por teleasistencia

A Xunta vai investir 484.000 euros na contratación de servizos de deseño e desenvolvemento de algoritmos avanzados destinados ao descubrimento de patróns centrados na xestión de persoas con diabetes. Así se recolle no informe da Consellería de Sanidade sobre o desenvolvemento da intelixencia artificial para o control preventivo dos pacientes diabéticos que foi abordado hoxe polo Consello da Xunta.

Con esta iniciativa, o Goberno galego quere contratar os servizos necesarios para levar a cabo os procesos de detección de situacións como prediabetes ou diabetes sen controlar.

A información que facilite este programa integrarase nos sistemas do Servizo Galego de Saúde, abarcando as etapas de detección, caracterización do paciente, procesos de descubrimento e avaliación do risco.

A ferramenta informática, que deberá estar funcionando no segundo semestre do vindeiro ano, tamén xerará unha caracterización completa do paciente diabético sobre a base de diferentes fontes de información, permitindo acadar unha atención dixital personalizada.

Proponse incorporar tamén procesos de detección automática que alerten os profesionais sanitarios da posible aparición de diabetes en persoas menores de 35 anos.

Ademais, a recollida de datos posibilitará censos poboacionais de forma proactiva para aplicar unha medicina preventiva e proactiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta contratación, tamén poderá conseguir que se mostren datos non dispoñibles de forma directa na historia clínica electrónica, para a avaliación integral da persoa con diabetes en controis periódicos por parte do profesional sanitario.

Xunto ao anterior, o sistema disporá da funcionalidade para realizar indicacións ou recomendacións en función da información clínica.

En definitiva, o sistema resultante ten que permitir actuar no proceso de xestión integral da diabetes, comezando pola identificación de signos iniciais da enfermidade, recompilando os datos detallados do doente, identificando a información relevante para a xestión do paciente, avaliando os riscos potenciais para a súa saúde e, ademais, implementando estratexias para a mellora da atención.

Medicina 7P

Galicia é unha das comunidades autónomas participantes no programa de atención dixital personalizada impulsado polo Ministerio de Sanidade. No marco desta iniciativa está o proxecto DIABAI de algoritmos avanzados para o descubrimento de patróns centrado na xestión de persoas con diabetes.

Este investimento da Xunta encádrase, ademais, na medicina 7P, é dicir, preventiva, predictiva, proactiva, profesionalizada, participativa, personalizada e poboacional que está a impulsar o Servizo Galego de Saúde.

Cómpre lembrar que, na loita contra esta enfermidade, a Xunta tamén dispón do programa É-diabetes, que monitoriza moitos pacientes diabéticos a través da plataforma tecnolóxica de seguimento de pacientes crónicos Telea.

Na actualidade, hai máis de 11.500 doentes no proxecto É-diabetes, que xera cada mes 10 millóns de variables clínicas a través de sensores, o que representa un cambio profundo no modelo de atención, pasando dunha medicina reactiva a unha proactiva e preventiva.

En definitiva, con esta nova contratación, a Xunta busca dotar os profesionais de maior capacidade para tomar decisións informadas en datos, na identificación de patróns, na monitorización continua e no aforro de tempo ao reducirles a carga administrativa.

Polo que atinxe aos pacientes, o obxectivo é facilitarlles ferramentas dixitais para que xestionen a súa saúde de maneira máis eficiente, ademais de asistencia virtual e a anticipación a eventos de alerta.

Este proxecto está financiado pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.